

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A CATEDRAL DE SANTIAGO PARA ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN

En Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2016

Reunidos

Dunha parte, D^a M^a Nava Castro Domínguez, directora da Axencia de Turismo de Galicia en virtude do Decreto 34/2013, do 21 de febreiro, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 5 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos.

E doutra parte, D. , como Deán da S.A.M.I. da Catedral de Santiago, con CIF-R 1500415C, segundo nomeamento efectuado mediante Decreto do 14 de xaneiro de 2013 do Exmo. e Rvdo. Sr. Arcebispo de Santiago, don .

As partes, segundo interveñen recoñécense reciprocamente personalidade xurídica e capacidade legal necesaria para se obrigaren en dereito e,

EXPONENTE

Primeiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade galega e particularmente do produto estrela de todos os galegos, o Camiño de Santiago.

Que no exercicio das súas funcións, lle corresponde executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Que a Catedral Santiago de Compostela ten entre os seus fins prioritarios a atención, acollida e coidado espiritual e humán dos peregrinos/as e visitantes que se achegan a Tumba do Apóstolo. Neste sentido procura o cuidado das celebracións litúrxicas e paralitúrxicas, e ofrece información e guía a cantos acceden a ela ou ao Centro Internacional de acollida aos peregrinos. En efecto, ten encomendada a xestión e bo funcionamento do citado Centro Internacional de acollida aos peregrinos, situado no antigo Asilo de Carretas, sendo competencia exclusiva da Catedral a concesión do documento acreditativo da peregrinaxe: A Compostela.

A estes efectos a S.A.M.I Catedral de Santiago ten subscrito un convenio coa Fundación Carretas, en virtude do cal aquela asume a xestión dos usos do antigo asilo da rúa Carretas.

Terceiro.- Desde a aparición do Sepulcro Apostólico e a súa comunicación aos reinos e pobos de Europa xorde un fluír constante de peregrinos. Afluxe que se fixo tan notable e importante que esixiu levantar naquel mesmo lugar, e como casa do Apóstolo Santiago, unha imponente catedral que permitise recibir, acoller e celebrar a nutridos grupos de fieis. No último cuarto do século XI principia esta empresa que reunirá en Compostela arquitectos, escultores, pintores, canteiros... do máis granado do momento e que verá o seu culmen na fábrica románica coa obra do Mestre Mateo, e a consagración da gran basílica no ano 1211.

Tanto a Catedral coma a peregrinación viviron cambios e transformacións que, na primeira, supuxo a superposición harmónica de estilos e, na segunda, a multiplicación dos camiños e unha evolución na que se fixeron patentes momentos de eclosión e outros de decaemento.

Ao longo do pasado século XX foise producindo un incremento na presenza de camiñantes e a recuperación da memoria e feito jacobeo que, no presente século, crece e se divulga a nivel mundial.

Se a Catedral de Santiago e a simboloxía xacobeana en tempo histórico serviron de referencia e presenza de Galicia en Europa e o mundo, hoxe é incuestionable que se converteu na súa icona principal e seño, que a peregrinación xacobeana mantén vivo e fresco, ao tempo que se revitalizan os camiños e se poboan de peregrinos.

Neste contexto, e no marco de colaboración mutua entre a Catedral de Santiago e a Axencia de Turismo de Galicia, considérase de interese para ambas as dúas partes que nos espazos e

soportes que se detallarán figure o logotipo "GALICIA O BO CAMIÑO", "GALICIA EL BUEN CAMINO".

Por outra parte, considérase de gran valor e estima o esforzo que dende a Oficina do Peregrino da Catedral (Centro Internacional de Acolida ao Peregrino) se realiza ao acopiar e archivar datos estatísticos sobre os cales elabora informes que, cumprindo estritamente a legalidade vixente polo que se refire aos datos de carácter persoal, unha vez dissociados, cederanse á Axencia de Turismo de Galicia.

Cuarto.- Ambas partes consideran esencial promover a boa imaxe de Galicia e colaborar na posta en marcha de accións de interese común e con beneficios conxuntos .

En virtude do anteriormente exposto acordan celebrar o presente convenio que se rexerá polas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

Constitúe o obxecto deste convenio o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Catedral de Santiago, na promoción de Galicia e da Catedral como icona fundamental de Galicia e da peregrinación, como destino turístico:

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

O orzamento estimado para a execución das actuacións previstas neste convenio ascende a **300.000 €**, que se distribúen do seguinte xeito:

Inclusión do logotipo "Galicia o bo camiño", "Galicia el buen camino", nas pantallas de información da Catedral	130.000€
Inclusión do logotipo "Galicia o bo camiño", "Galicia el buen camino", nas pantallas da Oficina do peregrino no Centro internacional de acolida ao peregrino e imaxe promocional da app Camino de Santiago da Xunta de Galicia	80.000€
Xestión de datos e elaboración de informes estatísticos	30.000€

Inclusión do logotipo “Galicia o bo camiño”, “Galicia el buen camino” nas credencias do peregrino (100.000 exemplares)	60.000€
TOTAL	300.000€

Deste orzamento, a Axencia Turismo de Galicia comprométese a achegar a contía de 300.000€, IVA incluído. A achega que fai a Axencia Turismo de Galicia para posibilitar a realización das actuacións obxecto do convenio só cubrirá o valor de realización da actividade sen que a Catedral obteña beneficio ou lucro industrial algún con dita achega.

A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento dos importes correspondentes con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.640.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2016, unha vez que a Catedral de Santiago presente a documentación xustificativa establecida na cláusula cuarta.

TERCEIRA.- OBRIGAS DAS PARTES

1. A Catedral de Santiago obrígase a realizar todas as actividades precisas para que as actuacións do convenio de colaboración se desenvolvan correctamente, comprometéndose a:

- Levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio, así como a executar o orzamento previsto na cláusula anterior.

A inclusión do logotipo “Galicia o bo camiño”, “Galicia el buen camino”, nas pantallas de información da Catedral, así como a súa inclusión nas pantallas da Oficina do peregrino no Centro internacional de acollida ao peregrino, neste caso xunto a imaxe promocional da app Camino de Santiago da Xunta de Galicia, será permanente durante o horario de apertura da Catedral (a excepción do momento de retransmisión das misas do peregrino) e da Oficina do peregrino, respectivamente, durante a vixencia do presente convenio, e deberá constar xunto as citadas marcas o logo da Xunta de Galicia.

- Con respecto aos datos que se recollen no Centro Internacional de Acollida ao Peregrino, unha vez dissociados de conformidade co disposto no artigo 11.6 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, a Catedral facilitará á Axencia Turismo de Galicia un **acceso Web onde se poderán consultar os datos da base cos rexistros**

individuais, concretamente a Catedral de Santiago a través do citado acceso poñerá a disposición da Axencia Turismo de Galicia informes estatísticos nos que se concretarán os datos relativos ao número de peregrinos por país de orixe, comunidade autónoma no caso dos nacionais, camiño realizado -filtrado por datas- e, a demanda: sexo, profesión, medio utilizado, motivo manifestado, e idade; así como os novos datos que mensualmente se vaian xerando, para as súas estatísticas e estudos.

No que respecta aos datos que se recollen no citado Centro Internacional, engadirase ás rutas do Camiño de Santiago que realicen os visitantes ou peregrinos/as, a ruta do Camiño Portugués da Costa, actualmente non incluída no cuestionario a cubrir por visitantes e/ou peregrinos/as.

- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de control do destino do investimento.
- Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

2. A Axencia Turismo de Galicia comprométese a:

- Pagar o importe establecido na cláusula segunda.
- Colaborar coa Catedral de Santiago nas actuacións de promoción obxecto do convenio.

3. A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal que realice as actividades e a Axencia Turismo de Galicia, de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria á Axencia Turismo de Galicia.

CUARTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

1.- A achega da Axencia Turismo de Galicia será librada, previa presentación da xustificación da execución das actuacións desenvolvidas, para o que se deberá presentar a seguinte documentación:

- a) Memoria explicativa da actividade realizada e acreditación do cumprimento das actuacións obxecto do convenio.
- b) Facturas xustificativas das actividades realizadas.
- c) Certificación de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e da seguridade social e de non ter pendente débedas por ningún concepto coa Xunta de Galicia.

A Axencia Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

2. O prazo para xustificar á aplicación dos fondos percibidos remata o 15 de decembro de 2016.

QUINTA.- RESULTADOS CONXUNTOS

Os resultados obtidos como consecuencia da colaboración obxecto deste convenio serán propiedade conxunta, a partes iguais, das partes asinantes, na medida que os resultados sexan susceptibles de protección mediante o réxime da propiedade intelectual, e seralles de aplicación o disposto no art. 7 do Texto Refundido da Propiedade Intelectual, relativo á obra en colaboración.

Calquera modificación dos resultados deberá ser autorizada por ambas as dúas partes, non obstante a Axencia Turismo de Galicia, no cumprimento dos seus fins institucionais, poderá utilizar libre e gratuitamente os traballos de campo, datos de todo tipo, resultados, análises, informes e conclusións que se deriven das actuacións obxecto do convenio. En todo caso, nas accións de difusión de datos e informes obtidos pola execución destas accións farase sempre referencia ao presente convenio.

SEXTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento do convenio, da súa execución, ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos que poidan xurdir, créase unha Comisión de Seguimento para que, de mutuo acordo, resolva o procedente. Esta comisión estará integrada por un representante designado pola Catedral de Santiago e un representante designado pola Axencia Turismo de Galicia.

As cuestións litixiosas xurdidas respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos do convenio, serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia.

SÉTIMA.- MODIFICACIÓNS DO CONVENIO

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

OITAVA.- NATUREZA XURÍDICA E XURISDICIÓN COMPETENTE

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fora do ámbito do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no apartado d) do parágrafo primeiro do artigo 4.

O presente convenio de colaboración formalízase ao abeiro do disposto na resolución de 8 de abril de 1991 pola que se fai público a acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e con particulares.

Será competente para entender os litixios que puidesen xurdir respecto da súa interpretación e execución a xurisdición contencioso-administrativa.

NOVENA.- RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O cumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

DÉCIMA.- PUBLICIDADE DO CONVENIO

A Catedral de Santiago consinte a publicidade dos datos relevantes deste convenio nos termos previstos na disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, así como no relativo á aplicación da



Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no seu artigo 15. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

A tal efecto, a Axencia informará na súa páxina web oficial da subscrición deste convenio cos seguintes datos básicos: identificación das partes, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura ata o 15 de decembro de 2016.

E, en proba de conformidade, e previa á súa lectura, ambas as dúas partes firman dous exemplares do presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

POLA XUNTA DE GALICIA

POLA CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A directora de Turismo de Galicia

O Deán da Catedral de Santiago

M^a Nava Castro Domínguez